

(Escribir a dous espacios)

Organismo: SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Capítulo:	
Epígrafe:	
Para cubrir no - Diario Oficial de Galicia-)	

SUMARIO:

EXTRACTO da Resolución do 20 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento SI434B) (Axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero).

BDNS (identif.): 000000

De conformidade co previsto no artigo 17.3.b) e no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres maiores de idade ou emancipadas, vítimas de violencia de xénero.
2. Ademais, entre outros, deberán cumprir os seguintes requisitos: a) estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres

(Escribir a dous espacios)

estranxeiras, ter permiso de residencia e de traballo; b) non convivir co agresor; c) ter especiais dificultades para obter un emprego; d) carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 % do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias; e) non ter percibido esta mesma axuda con anterioridade.

Segundo. *Obxecto*

Estas axudas concédense en réxime de concorrència non competitiva e a súa finalidade é proporcionarlle apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 20 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínase crédito por un importe total de un millón seiscientos setenta e oito mil douscentos oitenta e tres euros (1.678.283,00 €).

O importe xeral desta axuda será o equivalente a seis meses do subsidio por desemprego vixente, e que pode chegar a ser o equivalente a doce, dezaioito ou vinte e catro meses do subsidio por desemprego vixente en función das rendas e ingresos, das responsabilidades familiares, ou do grao de discapacidade da solicitante e/ou familiares ou menores acollidos/as a cargo.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de novembro de 2024.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2023

(Escribir a dous espacios)

Sandra Vázquez Domínguez

Secretaria xeral da Igualdade